



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Xestión Tributaria

Exposición da matrícula fiscal da taxa polo Servizo de Recollida de Lixo e Tratamento de Residuos Urbanos (vivendas), correspondente ao segundo semestre do exercicio 2025

EDICTO

Por Delegación da Xunta de Goberno Local (acordo delegación do 04.07.2024 publicado no BOP núm. 129 do 05.07.2024), o concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, mediante resolución de data 18.06.2025, aprobou a MATRÍCULA FISCAL DA TAXA POR SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO DOMICILIARIA E TRATAMENTO DE RESIDUOS URBANOS (VIVENDAS), correspondente ao SEGUNDO SEMESTRE DO EXERCICIO 2025.

De conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e artigo 61 da Ordenanza de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público municipais do Concello da Coruña, a matrícula aprobada queda exposta ao público durante o PRAZO DUN MES, contado a partir da publicación, podendo consultala no Departamento de Facenda do Servizo de Xestión Tributaria, localizado no primeiro andar do edificio dos Servizos Económicos do Concello, na rúa da Franxa, núm. 20.

Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinala e formular alegacións, así como presentar, no PRAZO DUN MES seguinte á finalización do período de exposición pública, os seguintes recursos:

a) Con carácter previo e potestativo, o recurso de reposición previsto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

b) Reclamación económico-administrativa, que terá carácter preceptivo previo ao recurso contencioso administrativo, prevista no artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

c) Ambos recursos non poderán ser simultáneos; de producirse esta situación tramitarase o presentado en primeiro lugar e declarárase inadmisíbel o segundo (artigo 222 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).

d) Calquera outro recurso que se estime procedente.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A Coruña, 23 de xuño de 2025

José Manuel Lage Tuñas

O concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

2025/4198